

**III. OUTRAS DISPOSICIÓNS****INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA**

*RESOLUCIÓN do 6 de setembro de 2018 pola que se amplían os prazos máximos para resolver e publicar a resolución do procedemento e para executar e solicitar o cobramento dos plans de internacionalización que rematan no ano 2018, establecidos na Resolución do 7 de decembro de 2017, pola que se lle dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección, que aproba as bases reguladoras das axudas para a execución de accións de promoción exterior das empresas galegas (Galicia Exporta Empresas), cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020.*

No *Diario Oficial de Galicia* núm. 241, do 21 de decembro de 2017, publicouse a Resolución do 7 de decembro de 2017 pola que se lle dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección, que aproba as bases reguladoras das axudas do Igape para a execución de accións de promoción exterior das empresas galegas (Galicia Exporta Empresas), cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020.

No apartado quinto do resolvo establécense os prazos de duración do procedemento, de execución do plan de internacionalización e para solicitar o cobramento.

Así, establécese que o prazo máximo para resolver e publicar a resolución será o 14 de setembro de 2018.

E para aqueles plans de internacionalización, cuxo prazo máximo de execución sexa o 1 de outubro de 2018, o beneficiario deberá presentar a solicitude de cobramento como máximo o 1 de outubro de 2018.

Tendo en conta o elevado número de solicitudes recibidas faise necesario ampliar o prazo máximo de resolución e, por conseguinte, o prazo máximo para executar e solicitar o cobramento dos plans de internacionalización, cuxo prazo máximo de execución remata no 2018.

Por todo o anterior, de conformidade co disposto nos artigos 23 e 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas,



**RESOLVO:****Artigo 1**

Ampliar ata o 31 de outubro de 2018, inclusive, o prazo máximo para resolver e publicar a resolución e ampliar ata o 9 de novembro de 2018 o prazo máximo de execución para as solicitudes con accións para realizar ata esta data (orçamento 2018), última data admisible neste caso para a facturación e pagamento así como para a solicitude de cobramento, previstos no apartado quinto do resolvo da Resolución de 7 de decembro de 2017, pola que se lle dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección, que aproba as bases reguladoras das axudas do Igape para a execución de accións de promoción exterior das empresas galegas (Galicia Exporta Empresas), cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020.

**Artigo 2**

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 6 de setembro de 2018

Juan Manuel Cividanes Roger  
Director xeral do Instituto Galego de Promoción Económica

